

PUBLICACIÓN DE ACORDOS DOS TRIBUNAIS DE: CONSOLIDACIÓN GRUPO IV-001 ESTABILIZACIÓN LIBRE C2

Santiago de Compostela 05/11/2021

Publicados en DOG os Acordos dos seguintes tribunais:

- Acordo do tribunal do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 001 do grupo IV de persoal laboral fixo.
- Acordo do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar, subgrupo C2.
- **Contido de ambas** (revisadas as alegacións presentadas):
 - Anula as preguntas 31, 37 e 44.
 - Substitución das preguntas anuladas 31 e 37 polas preguntas de reserva 41 e 42. As restantes preguntas de reserva non serán empregadas no cómputo da cualificación do segundo exercicio do proceso selectivo.
 - Desestima as restantes alegacións e/ou reclamacións presentadas.
- **Criterios de corrección:**
 - **CATEGORÍA 001 GRUPO IV:**
 - Estableceuse que superarían o segundo exercicio as persoas aspirantes presentadas que obtivesen un mínimo de vinte (20) respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.
 - **RESULTADO: de 33 candidatos/as presentados/as para 22 prazas ofertadas: 0 aprobados.**
 - **SUBGRUPO C2:**
 - Estableceuse que superarían o segundo exercicio as persoas aspirantes presentadas que acaden as mellores puntuacións ata completar o número máximo de novecentos (900), sempre que obtivesen un mínimo de vinte (20) respostas correctas.
 - **RESULTADO: de 2.731 candidatos/as presentados/as para 320 prazas ofertadas: 437 aprobados.**
- Publicar as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes.
- **Prazo de alegacións e recurso** con relación ás puntuacións: **10 días hábiles** contados desde o seguinte ao de publicación deste acordo no DOG.
- **Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada** ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.

UGT xa advertía en nota informativa do pasado día 1 de outubro, que baixo o noso criterio, **o contido do exame non semellaba axeitado ás funcións e tarefas dos postos ofertados** e os resultados veñen a amosar o desaxuste. Que nunha oferta de **consolidación non se cubran as prazas ofertadas, pouco di do sistema ou ben das bases**, en tanto que o sistema fallou e as bases aínda contemplando no suposto do C2 que o corte se establecía nas 900 mellores notas non se chega nin á metade do previsto.

UGT solicita á Administración o **remate da negociación das bases xerais** que deben **regular e harmonizar os procesos selectivos**, e que **se contemple ao amparo da nova lei de temporalidade o tratamento diferenciado das persoas que non superaron os procesos.**